

# **MANUAL DE ADECUACIÓN LOCAL**

## ÍNDICE

|                                                                     |    |
|---------------------------------------------------------------------|----|
| 1. OBXECTO DO DOCUMENTO.....                                        | 3  |
| 2. CLASIFICACIÓN DOS LOCAIS.....                                    | 3  |
| 3. SUPERFICIE MÍNIMA DOS LOCAIS.....                                | 4  |
| 4. ORZAMENTOS. PREZOS DE REFERENCIA.....                            | 5  |
| 5. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA: CONTIDO MÍNIMO DO PROXECTO..... | 5  |
| 6. CRITERIOS DE INTERVENCIÓN.....                                   | 7  |
| 7. DESENVOLVEMENTO OBRA.....                                        | 29 |

A Rede de Comercio Rural é un programa orientado á recuperación e creación dos establecementos que desenvolven simultaneamente as actividades de bar – tenda, estanco, etc., actuando ademais como lugares de provisión de servizos, centros de reunión, encontro, intercambio, etc.

## 1. OBXECTO DO DOCUMENTO

Este documento xorde para regulamentar e servir de guía na elaboración da memoria valorada das actuacións que se pretenden executar, e no caso de concesión da subvención para a elaboración do proxecto e da execución das obras de acondicionamento dos establecementos que pretendan adherirse á “REDE DE COMERCIO RURAL GALEGO”, sentando ademais uns principios de avaliación cualitativos tanto dos proxectos coma das obras, que eviten unha falta de criterio nas intervencións e, como consecuencia, de calidade nos resultados.

Os proxectos que sexan obxecto de axudas terán en conta os principios de sostibilidade que emanan da Carta de Aalborg e da Axenda 21 local se a houbese.

## 2. CLASIFICACIÓN DOS LOCAIS

Os locais que poden formar parte da Rede son os seguintes:

### 2.1. ESTABLECEMENTOS EXISTENTES

#### – 2.1.1. establecementos de interese arquitectónico e patrimonial

Son aqueles establecementos radicados en edificacións de valor arquitectónico, patrimonial, histórico, etnográfico, etc., tanto os que pertencen a tipoloxías tradicionais, como os encadrados dentro de movementos arquitectónicos máis recentes pero recoñecidos (arquitectura indiana, industrial, modernista, racionalista, etc.)

#### – 2.1.2. outros

Terán este carácter aqueles establecementos situados en edificios sen valor patrimonial, por seren de recente construción e/ou non axustárense a criterios de

composición arquitectónica, técnicos e construtivos, así como non posúiren elementos decorativos ou de contorno que os fagan singulares.

## 2.2. ESTABLECEMENTOS DE NOVA CREACIÓN

Son aqueles establecementos creados ex novo, independentemente do edificio no que se implanten.

Si se trata dun edificio con valor patrimonial, etc. seguirase o procedemento descrito nos puntos 2.1.1.e 6.1.1.1.

Cando se trate dun edificio sen valor salientable, os criterios de aplicación serán os expostos nos apartados 2.1.2. e 6.1.1.2.

Os establecementos que opten a unha subvención deberán ter garantida ou garantir, no transcurso da obra, a estabilidade estrutural e a estanquidade de cubertas, fachadas, carpintarías e soleiras.

## 3. SUPERFICIES MÍNIMAS DOS LOCAIS

Establécense unhas superficies mínimas necesarias para o correcto funcionamento das actividades:

- Aseo adaptado: 3,45 m<sup>2</sup>
- Almacén: 2,00 m<sup>2</sup>
- Tenda- autoservizo: 30,00 m<sup>2</sup> e non máis de 300 m<sup>2</sup>
- Barra: 2,00 m<sup>2</sup>
- Posto de internet: 0,80 m<sup>2</sup>

Ademais a superficie do bar deberá contar cunha zona para a colocación de dúas mesas de 70\*70 (como mínimo) coas súas correspondentes cadeiras.

En caso de que se ofrezca servizo de comidas quentes, será necesario dispor dunha cociña de polo menos 5 m<sup>2</sup>.

No caso de que a lexislación aplicable contemple a necesidade de dispor dun aseo adicional (a maiores do adaptado), este deberá ter unha superficie mínima de 2 m<sup>2</sup>

#### 4. ORZAMENTOS. PREZOS DE REFERENCIA

Para a elaboración dos orzamentos fíxanse uns prezos de referencia, que se poden obter da *Base de datos de Construcción de Galicia 14<sup>a</sup> Edición* (Xuño 2011), de libre difusión.

#### 5. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA NECESARIA: PROXECTO VISADO. CONTIDO MÍNIMO DO PROXECTO

**Unha vez concedida a subvención, os beneficiaros/as deberán (no prazo máis breve posible) presentar ante o órgano xestor (Galicia Calidade, S.A.) para a súa aprobación o proxecto**, este deberá estar definido a nivel de Proxecto Básico e de Execución, incluíndo un presuposto detallado e unha memoria na que se xustificará o cumprimento dos criterios de intervención esixidos, tanto no ámbito arquitectónico coma noutros ámbitos.

Os proxectos de execución das obras estarán definidos (distribución, acabados, mobiliario, carpintarías, iluminación...) de maneira que non ofrezan dúbidas sobre o resultado final.

O proxectista é o responsable de adaptar as directrices deste documento a cada proxecto.

Xuntarase unha Certificación Urbanística do Concello onde estea situado o establecemento na que se faga constar que tanto as obras que se van levar a cabo no local coma a actividade que se desenvolverá no mesmo son compatibles coa Normativa Urbanística de aplicación.

DOCUMENTOS MÍNIMOS DO PROXECTO (pode servir de orientación a relación de documentación do proxecto do C.O.A.G.)

Ademais dos documentos que as administracións competentes soliciten en cada caso, os proxectos conterán como mínimo os seguintes apartados:

##### 1. DATOS XERAIS DO EDIFICIO

2. REFERENCIA E DOCUMENTACIÓN DA NORMATIVA URBANÍSTICA VIXENTE

3. TIPO DE ACTUACIÓN

3.1. ESTADO ACTUAL. DESCRICIÓN. ANÁLISE E DIAGNOSE

3.2. SISTEMA CONSTRUTIVO

3.3. DESCRICIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR

4. DOCUMENTACIÓN FOTOGRÁFICA

5. PROXECTO. XUSTIFICACIÓN E PROGRAMA

6. CADRO DE SUPERFICIES

7. MEMORIA CONSTRUTIVA

8. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA APLICABLE

9. PREGOS DE CONDICIÓNS XENERALES E PARTICULARES. RELACIÓN DA NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

10. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

11. MEMORIA XUSTIFICATIVA E CÁLCULO DOS SISTEMAS ESTRUTURAIS

12. MEMORIA XUSTIFICATIVA E CÁLCULO DOS SISTEMAS DE INSTALACIÓNS

13. MEMORIA XUSTIFICATIVA E CÁLCULO DOS SISTEMAS DE ILUMINACIÓN

14. MEDICIÓNS E PRESUPOSTO

A estrutura básica do presuposto será a que segue:

- Acondicionamento do terreo
- Cimentación

- Estrutura
- Fachadas
- Instalacións (fontanería, saneamento, electricidade, quecemento, etc.)
- Particións
- Cubertas
- Revestimentos
- Amoblamento
- Honorarios de proxecto e dirección de obra
- Licenza de obra municipal

## 15. PLANOS

O proxecto conterá os planos necesarios para a definición en detalle da obra, incluídos os planos de situación e emprazamento.

## 6. CRITERIOS DE INTERVENCIÓN

### 6.1. CRITERIOS XERAIS

As actuacións deberán axustarse á Normativa Urbanística de aplicación e a toda a obrigada cumprimento en materia de edificación, instalacións, lexislación municipal, etc.

En todos os casos os resultados finais, tanto estéticos coma funcionais, serán coherentes cos criterios amosados neste documento, condición indispensable para a admisión dos establecementos no programa.

O obxectivo é que os establecementos manteñan un carácter propio respectando e potenciando os seus valores particulares, e que presenten unha imaxe unitaria que os faga recoñecibles como pertencentes á “Rede”.

Procurarase o uso de materias reciclables, evitando o emprego daqueles cuxa elaboración sexa contaminante e/ou leve consigo un gasto de enerxía desproporcionado.

Cando se trate de materiais naturais terán garantida a súa reposición (madeiras con certificación de replante, etc.).

Incorporaranse medidas ambientais orientadas á xestión, reciclaxe e recuperación de residuos, á optimización de recursos naturais e ao aforro enerxético.

Dentro do posible procurarase o comportamento bioclimático do edificio.

Finalmente, nos locais facilitarase o acceso a persoas con mobilidade reducida procurando que as zonas de acceso público, espazos e servizos, poidan ser usados por calquera persoa independentemente das súas capacidades funcionais.

### **6.1.1. Establecementos existentes**

#### **6.1.1.1. Establecementos de interese arquitectónico e patrimonial, ben no seu conxunto ben nalgún elemento en particular.**

Dado o valor destes locais como pezas representativas da arquitectura popular faise necesario manter unhas normas de respecto nas intervencións que permitan ofertar a súa calidade arquitectónica como un activo máis para a clientela.

Deberá preservarse o carácter da edificación, o respecto á súa configuración e os materiais orixinais, tentando recuperar os elementos propios sempre que sexa posible, protexendo o edificio mediante intervencións coidadosas, utilizando os materiais lexítimos cando sexa necesaria a substitución dalgún elemento de interese e procurando unha linguaxe formal que adecúe o local aos novos usos dende o respecto ao xa existente.

Evitarase a utilización de materiais alleos a esta arquitectura que, en último caso, de seren utilizados expresaranse coa súa linguaxe propia evitando mimetizar aos que substitúen.

As actuacións deberán ser reversibles; poderanse desfacer sen menoscabo dos elementos que cómpre conservar e/ou recuperar.

Conservaranse e/ou recuperaranse elementos definitorios da tipoloxía, estrutura horizontal e vertical, volume e forma da cuberta, tipo de ocos, carpintarías, chans e



outros elementos de menor envergadura que poidan ser de interese, arrimos, zócalos, ferraxes, etc.

Sempre que sexa posible e se entenda que o seu funcionamento e resposta son adecuados á función que deben realizar, utilizaranse os materiais orixinais, revocaduras, sistemas estruturais, carpintarías, pavimentos, etc., xa que estes terán un comportamento máis axeitado a todo o conxunto.

En caso de que non haxa posibilidade de usar os materiais orixinais, elixiranse outros que se aproximen a estes en comportamento, ou mesmo o melloren, e non supoñan prexuízo ou desvirtúen o elemento que cómpre recuperar.

Farase uso de toda a tecnoloxía ao alcance para dar as solucións idóneas ás instalacións, illamentos, impermeabilizacións, etc.

#### **6.1.1.2. Outros**

As actuacións tenderán a garantir a integración visual, con materiais, texturas e cores adaptados ao entorno no que se encontren, reforzando o mesmo, facendo a función de referente e contribuindo á recuperación do medio en contornos degradados.

Trátase de protexer, defender e conservar o contorno á vez que servir de reclamo turístico e dinamizador do lugar.

O carácter e deseños tanto exteriores coma interiores, e a estrutura e materiais de acabado deben dar resposta a todo o mencionado anteriormente.

#### **6.1.2. Establecementos de nova creación**

**6.1.2.1. Os establecementos de nova creación axustaranse aos criterios expostos nos puntos 6.1.1.1. ou 6.1.1.2., segundo estean implantados ou non nun edificio singular.**

Por último e para todos os casos terase en conta o tratamento que o proxecto faga da urbanización exterior do edificio: pavimentos, elementos vexetais, iluminación, etc.

## 6.2. CONFIGURACIÓN INTERIOR

Nas distribucións interiores dos locais diferenciarase claramente a zona de bar da de tenda, non sendo necesaria unha separación física. No caso de existir esta separación colocárase unha porta de paso entre ambos espazos así como unha comunicación visual que permita o control de todo o establecemento por unha sola persoa.

O bar constará de barra, cociña (só no caso de ofrecer comidas quentes), e da zona destinada ao público. Dispoñerá dun punto de acceso a internet.

Aseos: polo menos un deles, de haber varios, deberá estar adaptado para o seu uso por persoas con mobilidade reducida.

Almacén: deberá integrarse o máis preto posible da zona de traballo, facilitando todo o que se poida o acceso de mercadorías dende o exterior.

Na organización dos espazos interiores coidarase que non haxa interferencias entre o funcionamento das zonas públicas e as do persoal.

O tránsito entre a zona de traballo do bar e o despacho da tenda deberá ser o máis directo posible.

Os locais que opten a unha subvención deberán ter garantida ou garantir durante o transcurso da obra a estabilidade estrutural e a estanquidade de cubertas, fachadas e soleiras.

## 6.3. CRITERIOS PARTICULARES

### 6.3.1. demolicións

Para levar a cabo as demolicións teranse en conta criterios medioambientais: separación dos diferentes tipos de materiais, reciclaxe, minimizado da emisión de contaminantes, fumes, gases, ruídos, cheiros, etc.

Valorarase o labor de desmontaxe con clasificación de materiais fronte á destrución.

### 6.3.2. cantaría e cachotaría

As intervencións de rehabilitación procurarán a conservación, consolidación ou reparación das pezas de cantaría se fose necesario. Calquera intervención sobre estas, mesmo a colocación de carpintarías directas ou outros elementos, levarase a cabo con sumo coidado para non danar as pezas.

A limpeza tanto dos elementos de cantaría coma de cachotaría farase con auga e cepillo, evitando o uso de auga a presión ou partículas abrasivas.

Valórase a pátina que produce o paso do tempo sobre estes materiais, dándolles carácter de permanentes.

Para o uso da pedra vista, estudarase o seu estado e a súa calidade; será fundamental que teña as caras labradas.

Cando non se cumpra isto, e salvo que a solución responda a unha tipoloxía da zona, é obrigado recebar; recoméndase facelo con cal, xa que é o morteiro máis axeitado para a pedra polo seu bo comportamento higrométrico.

Os cementos, debido á súa composición, danan a pedra favorecendo a súa descomposición.

### 6.3.3. cuberta

O tipo de cuberta que se empregará será a tradicional no ámbito xeográfico no que se atope o local.

(Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural.)

As baixantes e caneiros serán de zinc ou cobre. Non se utilizarán os de aluminio ou pvc.

### 6.3.4. albanelaría

As particións interiores poderán ser de fábrica de ladrillo ou de cartón-xeso con bastidor interior de madeira ou metálico.

Cando se constrúa sobre un forxado de estrutura de madeira, a tabicaría será sempre lixeira. Con esta tabicaría recoméndase o illamento entre placas con la de rocha para evitar o “efecto tambor”.

No caso de muros de cachotaría en mal estado ou con eflorescencias debidas a existencia de sales, estes poderanse extradorsar.

### **6.3.5. falsos teitos**

Cando se instalen falsos teitos estes deberán ser de escaiola, cartón-xeso ou entaboadado de madeira. Non se admiten os frisos de madeira.

Os falsos teitos serán lisos, sen cornixas nin remates.

Se non existe a necesidade de illamento acústico e se cumpre a resistencia ao lume demandada polo Código Técnico da Edificación (C.T.E.) poderase deixar vista a madeira constituínte de forxado.

### **6.3.6. solados e revestimentos**

#### **6.3.6.1. solados e revestimentos exteriores**

Os solados e revestimentos exteriores adecuaranse ao medio no que se atope o local. Escolleranse materiais preferentemente naturais, pedras, madeiras, pinturas ao silicato, etc.

Deberán cumprir o CTE DB-SU 1.

As intervencións no contorno dos establecementos serán expresamente validadas polos/as Técnicos da Rede de Comercio Rural Galego.

#### **6.3.6.2. solados e revestimentos interiores**

Prefírense os chans de tarima de madeira, aínda que se pode optar por calquera outro material en función das características do local coa validación dos/as Técnicos da Rede de Comercio Rural Galego.

Valorarase a recuperación de chans de madeira tradicionais, baldosas hidráulicas, terrazos in situ, lousa de pedra, lousa, etc.

Deberán cumprir o CTE DB-SU 1.

Nos baños e cociñas os elementos de acabado serán preferentemente pedras naturais ou artificiais de cores claras e uniformes. O uso de azulexados deberá ser validado polos/as Técnicos da Rede de Comercio Rural Galego.

### 6.3.7. instalacións

As instalacións que cómpre ter en conta nos locais son as seguintes: subministración de auga, evacuación de augas, electricidade, Iluminación, voz e datos, calefacción, refrixeración e ventilación, protección a roubo, protección a incendio, instalacións especiais (megafonía e fío musical, televisión).

#### 6.3.7.1. subministración de auga

A instalación cumprirá co especificado no Código Técnico da Edificación, en concreto no CTE-DB HS4 Subministración de auga.

Garantírase a calidade da auga de consumo conforme ao establecido na lexislación vixente. En caso de que a subministración de auga non proceda da compañía subministradora, deberanse instalar sistemas de filtración e cloración, e realizáranse análises regulares da calidade da auga.

As canalizacións serán preferentemente termoplásticas e multicapas, sempre opacas e de calidade sanitaria.

As redes serán illadas contra condensacións naqueles tramos que discorran por falsos teitos ou reforzados. A rede de auga quente sanitaria será illada termicamente.

Instalaranse chaves de cuarto húmido en cada local que conte con servizo de auga (incluíndo a barra de bar).

#### 6.3.7.2. evacuación de augas

A instalación cumprirá co especificado no Código Técnico da Edificación, en concreto no CTE-DB HS5 Evacuación de augas.

A rede interior realizarase en material plástico, preferentemente multicapa ou con prestacións de atenuación sonora. En caso de que os colectores e baixantes discorran vistos en zonas públicas, realizáranse en fundición.

A rede enterrada presentará rexistros en todos os cambios de dirección e nos entroncamentos de canalizacións; así mesmo, a rede colgada presentará rexistros de limpeza.

A rede será illada contra condensacións naqueles tramos que discorran por falsos teitos ou extradorsados.

Os aparatos sanitarios e equipos de limpeza disporán de sifón individual.

A rede de pluviais, composta de caneiros e baixantes por fachada, executarase en materiais compatibles cos criterios de rehabilitación, prohibindo o uso de materiais plásticos e de aluminio.

En caso de que non exista rede de saneamento municipal, disporanse sistemas de tratamento e depuración das augas residuais producidas en condicións de salubridade conforme á lexislación vixente. Os equipos serán de tipo prefabricado e material plástico, de fabricante recoñecido, e disporán de arquetas de toma de mostras (previa ao sistema de tratamento e posterior ao sistema de tratamento); as augas tratadas evacuaranse a pozo filtrante ou a foxa filtrante.

### **6.3.7.3. electricidade**

Cumpriranse os preceptos do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (RBT) e as súas Instrucións Técnicas Complementarias (ITC).

A consideración de locais de pública concorrencia esixe o cumprimento da ITC-BT-28, especialmente no que se refire ao deseño do cadro eléctrico, a repartición de circuítos de iluminación e a calidade dos cableados.

Dende a Rede recoméndase a instalación de placas solares, xa que o aforro enerxético a longo prazo pode ser moi importante.

O esquema unifilar do cadro eléctrico xeral será deseñado baixo criterios de seguridade, contando con protección xeral, independencia dos circuítos de forza dos circuítos de iluminación e separación dos servizos esenciais dos servizos xerais.

Disporase iluminación de emerxencia mediante aparatos autónomos dotados de lámpada fluorescente.

#### 6.3.7.4. iluminación

A iluminación é un elemento de gran transcendencia nun local comercial, tanto para a exposición de produtos coma para o bo desenvolvemento do traballo que nel se leva a cabo. É, por tanto, fundamental para facer máis atractiva a mercancía á venda, o contorno máis acolledor e as áreas de traballo máis produtivas.

No interior dos locais, teranse en conta as diferentes áreas de actividade e as súas necesidades particulares á hora de escoller os sistemas de iluminación.

Estes sistemas deberán ser de boa calidade, tanto nos materiais empregados para a súa fabricación coma nos seus compoñentes eléctricos e os que determinan os niveis de iluminancia, uniformidade, prevención de cegamento, etc. O deseño será sinxelo, evitando elementos decorativos innecesarios. Así mesmo, terán un fácil mantemento tanto no que se refire ao coidado e limpeza das luminarias, como a substitución de lámpadas.



As lámpadas serán preferentemente de baixo consumo –fluorescentes tubulares ou compactas– salvo nas zonas nas que se precise un acendido instantáneo e reiterado nun curto espazo de tempo. Coidarase especialmente que teñan un bo índice de reprodución cromática (IRC>85).

Á hora de escoller as lámpadas terase en conta que non emitan radiacións non desexadas que poidan danar os produtos expostos (nula emisión de radiación ultravioleta e mínima de radiación infravermella).

Prestarase atención á temperatura de cor, que deberá adecuarse ás necesidades da actividade e á calidade do contorno que se quere conseguir.

Cumprirase en todo momento cos valores mínimos de iluminancia de servizo marcados no Código Técnico da Edificación (CTE DB-SU4).

Todas as luminarias e lámpadas utilizadas cumprirán coas normativas e directivas que marca a lei. Deberán estar clasificadas segundo o seu grao de protección contra choques eléctricos, segundo a inflamabilidade das superficies de apoio e segundo a temperatura superficial. Así mesmo, estarán clasificadas polo grao de protección á penetración de corpos sólidos, líquidos e resistencia aos impactos cando o seu uso o demande.

Deberán dispoñer de datos fotométricos.

#### **6.3.7.5. voz e datos**

Preténdese establecer os criterios para o deseño da infraestrutura básica da rede de comunicacións de voz e datos. Os estándares de aplicación serán ISO/IEC IS 11801 e CENELEC TC 15, con base tecnolóxica 10-BASEE-T para datos.

Os elementos da rede serán:

- Tomas de voz-datos polivalentes, tipo RJ45, cat 5E como mínimo.

Dotación mínima:

- Punto conexión a internet: 1 toma (datos)
- Punto teléfono público: 1 toma (voz)
- Punto WIFI: 1 toma (datos)
- Punto caixa/terminal de datos: 2 tomas (voz/datos)
- Punto teléfono privado: 1 toma (voz)
- Punto alarma antiintrusión: 1 toma (voz) (só no caso de existir)
- Punto alarma detección incendios: 1 toma (voz)



- O cableado será tipo UTP trenzado non apantallado formado por 4 pares trenzados de condutores de cobre baixo illamento de polietileno, segundo EIA/TIA 568 B, para cada un dos terminais.
- Canalizacións necesarias cun grao de ocupación do 50% máximo. As canalizacións encaixadas realizaranse baixo tubo coengurrado flexible e as canalizacións en superficie baixo tubo ríxido plástico ou metálico.

As canalizacións plásticas serán exentas de halóxenos e segundo código de cores UNE EN 50086-1.

- O armario *rack*, que servirá de concentrador de cableado, estará preparado para albergar un *hub-switch-modem* para rede de comunicacións con polo menos un panel de 8 tomas para interconexións.

En caso xustificado de non requirir os mínimos puntos de voz e datos indicados con anterioridade, poderanse utilizar equipos concentradores sen necesidade de armarios modulares.

No lugar onde se sitúe o armario *rack* ou equipos concentradores, instalaranse polo menos dúas tomas de corrente tipo *schuko*.

Así mesmo, nos puntos terminais de voz e datos, colocarse polo menos unha toma de corrente por punto.

#### 6.3.7.6. calefacción, refrixeración e ventilación

As instalacións previstas cumprirán co establecido no Código Técnico da Edificación, en concreto no CTE-DB HE2 Rendemento das instalacións térmicas e o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE).

A categoría de instalación mínima será THM-C 0, é dicir, sistema de ventilación para o control da calidade de aire. Débese asegurar que o aire circula dende os locais secos aos húmidos, dos locais con calidade aceptable de aire a locais con baixa calidade de aire.

Garantírase que se produza a ventilación efectiva dos locais con emisión de olores e fumes (aseos, cociñas, etc.) mediante a instalación de sistemas de extracción mecánica.

A adopción de medidas de ventilación natural ou híbridas requirirá xustificación técnica expresa mediante os procedementos que marque a regulamentación en vigor.

#### **6.3.7.7. protección a roubo**

Será decisión do propietario a incorporación do sistema de protección a roubo. Prestarase especial atención a integración interior dos detectores de presenza; evitárase a colocación de sirena exterior, empregando como sistema de comunicación de incidencias a conexión a central de alarmas ou a mensaxería telefónica.

#### **6.3.7.8. protección a incendio**

Serán de obrigado cumprimento os documentos básicos do Código Técnico da Edificación, concretamente os do grupo SI.

#### **6.3.7.9. megafonía e fío musical**

Será decisión do propietario a incorporación do sistema de megafonía e fío musical. Prestarase especial atención á integración dos altosfalantes.

#### **6.3.7.10. televisión**

Existirá polo menos unha toma de TV na zona de bar.

As antenas receptoras situaranse nos puntos altos das edificacións, e retiraranse das fachadas principais. Evitárase a colocación en fachada.

### **6.4. CARPINTARÍA E FERRAXARÍA**

A carpintaría de madeira deberase manter ou repoñer por outra similar cando se trate dunha construción tradicional. Existen técnicas de limpeza, consolidación e reforzo que permiten o mantemento desta tipoloxía

En calquera caso, fomentárase o uso de carpintaría de madeira, limitando a utilización de novos materiais como o aluminio, inda que sexan usados con autenticidade.

O uso de carpintaría de aluminio ou pvc “coma se fose” de madeira, será validado só en caso excepcionais polos/as Técnicos da Rede de Comercio Rural Galego.

Na actualidade é posible atopar madeira de coníferas tratadas en autoclave ou elementos estruturais e construtivos de madeira laminada, o que fai doado diminuír a presión de tala sobre especies autóctonas, mantendo as mesmas funcións destas. Esta consideración é aplicable tanto a carpintarías coma a pisos e estruturas de madeira.

No referente á ferraxaría, tentarase conservar a orixinal de ferro, que deberá pintarse na cor das carpintarías. Queda totalmente prohibido o uso de ferraxes tipo “castellano”.

Cando as ferraxes sexan novas fomentárase o uso de pezas de calidade, cun deseño sinxelo, sen motivos decorativos innecesarios e que ofrezan todas as vantaxes da ferraxaría mais tecnolóxica (guillotinas compensadas, sistemas de elevación e esvarado, aperturas oscilobatentes, etc.)

Os materiais utilizados expresaranse coa súa linguaxe propia evitando mimetizar a outros. Prefírese o uso do latón ou do aceiro inoxidable no seu acabado natural e non os latonados e vernizados.

#### 6.4.1. carpintaría interior

Tentaranse recuperar as carpintarías tradicionais, substituíndoas por outras no caso de que se atopen en mal estado. As novas serán sinxelas sen elementos decorativos innecesarios e pintaranse obrigatoriamente cando se trate de portas comerciais con acabados chapados ou outros que non sexan de madeira maciza.

Se as portas se fan artesanalmente utilizando madeiras de calidade, esta poderá ir á vista.

O deseño deberá ser austero con predominio de elementos rectos e labras e debuxos xeométricos, salvo que copie outras existentes que se conserven; neste caso, aceptaranse outras solucións.

Os vidros serán sempre de seguridade, laminados ou temperados, a non ser que se trate de pezas de pequena dimensión, de maneira que a súa rotura non represente perigo.

#### 6.4.2. carpintaría exterior

A carpintaría exterior colocarse sen danar a cantaría no caso de que a houbese.

Cando se trate de carpintarías enrasadas, colgarase sobre os porlóns existentes directamente sobre a cantaría. Os vidros serán sinxelos e tomados con masilla. Recuperaranse as pechaduras tradicionais, fallebas, etc.



No resto das carpintarías utilizaranse perfís e vidros axeitados para garantir a estanquidade e a eficiencia térmica.

Non se permiten partevidros nas carpintarías deste segundo tipo.

Cando sexa necesario conseguir protección antiintrusismo, usaranse vidros de seguranza laminares.

Fomentarase o uso de vidros, pechaduras de seguridade e contraventás fronte ao uso das reixas.

Calquera tipo de reixas ou persianas deberán ser validadas polos/as Técnicos da Rede de Comercio Rural Galego.

No uso de toldos (no caso de que se queiran instalar) o/os mesmos deberá/n ser dun único color, que sexa uniforme e acorde co contorno e co carácter ou natureza da edificación.

No mesmo deberá indicarse o nome do establecemento e o logo de Comercio Rural Galego. (O logo será facilitado polos/as Técnicos de Comercio Rural Galego.)



Valorarase especialmente a recuperación de pezas de carpintaría tradicional.

## 6.5. PINTURAS E ACABADOS

Preferentemente utilizaranse pinturas transpirables, de fácil limpeza e lisas en paramentos.

Nas carpintarías, estruturas e chans de madeira fomentárase o uso de pinturas de poro aberto tipo “lasur”, aceites naturais ou ceras, evitando a utilización de produtos con compoñentes daniños ou agresivos para as persoas e o medio ambiente.

### 6.5.1. pintura interior

Nos paramentos utilizaranse cores claras en xeral por razóns hixiénicas pero, sobre todo, cando sexa necesaria unha maior luminosidade.

Valorarase en cada caso a conveniencia ou non de deixar as madeiras vistas con acabados naturais dependendo da calidade das mesmas e das características do espazo no que se atopen

### 6.5.2. pintura exterior

Aplicaranse cores e texturas acordes co contorno e co carácter ou natureza da edificación.

Valorarase o uso de pinturas ao silicato con pigmentos minerais.

## 6.6. MOBILIARIO E EQUIPAMENTO

Os elementos de mobiliario deberán ser de boa calidade, tanto nos materiais coma no deseño; escolleranse materiais nobres, preferentemente madeiras que poderán tratarse con acabados diferentes segundo as necesidades do local.

O deseño deberá ser sinxelo, neutro, sen remitirse a imaxes tópicas que poidan lembrar un mesón nin excesivamente vangardistas, de maneira que non se acomode ben as necesidades reais dos usuarios e dos propietarios destes locais.

O novo mobiliario será austero con predominio dos elementos rectos sen debuxos ou labras. Atenderase á súa ergonomía e adecuación para o uso previsto, á súa facilidade de limpeza, durabilidade, bo envellecemento e fácil almacenaxe.



Valorarase a recuperación de mobiliario antigo.

No caso dos estantes das zonas dedicadas a tenda, estes deberán estar deseñados para a función de carga e exposición, tanto na forma coma nos materiais, resistencia e versatilidade atendendo ás necesidades dos diferentes produtos.



É moi importante a transparencia de costados e fondos que permitan unha ampla visión do local e que ademais contribuírá a unha sensación de maior desafoego, ao ampliar a perspectiva visual.

Desaconséllase o uso de andeis do tipo dos que se usan nos centros comerciais por presentaren unha ocupación en planta excesiva para a superficie de locais que se manexa, e porque a súa imaxe se afasta da de tenda cun bo servizo pero directa que se quere conseguir.

Pódense utilizar pezas metálicas ou de madeira sempre que cumpran as condicións de hixiene e estabilidade dos materiais de acabado, pinturas, vernices etc., para almacenamento de alimentos.

O modelo escollido deberá ser validado pola Comisión Permanente da Rede.

Dos mostradores e mobles para detrás da barra, así como do amoblamento e pechamento dos estancos, cortaventos, cabinas, etc., existen modelos orientativos que se poden consultar na Rede.



A maquinaria necesaria para a actividade non debe levar publicidade de ningunha casa comercial, agás a súa marca.

Os modelos elixidos deberán ser de deseño sinxelo, sen elementos accesorios, procurando unha única cor e material.

A cualificación enerxética dos aparellos, que deben contar coa marcaxe regulamentaria, tentarse que sexa a máis alta posible e como mínimo B.

### 6.7. PUNTOS DE INFORMACIÓN

Os puntos de información turística axustaranse ao modelo incluído neste manual (ver Anexo I ), tanto nas dimensións coma nos materias e acabados superficiais.



### 6.8. CAIXA DE SUXESTIÓNS

A caixa de suxestións consiste nunha caixa cunha fendedura exposta nun lugar visible do establecemento co obxecto de recolle-las peticións e suxestións dos clientes e mellorar a súa satisfacción.

Estará construída preferiblemente en cartón ou plástico biodegradable e cunhas dimensións que se atopen entre os mínimos e máximos establecidos.

**Arestas:**

- Mínimo: 15 cm.
- Máximo: 30 cm.

**Fendedura**

- Largo:
  - Mínimo: 12 cm.
  - Máximo: 20 cm.



- Ancho:

- Mínimo: 1 cm.
- Máximo: 2,5 cm.

Exemplo de caixa de suxestións:



## 6.9. RÓTULOS E SINALÉCTICA


Neste apartado regúlanse tanto a cartelería exterior coma a interior, así como os pictogramas utilizados para sinalizar aseos, cabinas, etc.

### 6.9.1. rótulos e sinaléctica interior

Existen uns pictogramas tipo indicativos de aseos e teléfono que deben ser utilizados (ver Anexo II ). Poderán deseñarse uns diferentes para novos usos tomando como base os validados.

Para calquera outro tipo de sinalización deberá consultarse cos/coas Técnicos Da Rede de Comercio Rural Galego.

A maiores as indicación de horarios e servizos ofrecidos deberá ser co formato indicado (o material poderá ser papel, vinilo mate ou calquera outro que non modifique o aspecto dos mesmos).





### 6.9.2. rótulos e sinalética exterior

O rótulo exterior axustarase ao modelo incluído neste manual tanto nas dimensións coma nos materiais e acabados superficiais (ver Anexo III ). Xuntarase un plano de implantación deste elemento dentro do proxecto, indicando a súa posición na fachada cos axustes dimensionais de seren precisos.



Neste rótulo faise constar o nome do establecemento así como a súa pertenza á Rede.

Para a instalación doutros rótulos, loterías, estanco, etc., validarase a súa implantación cos/coas Técnicos da Rede de Comercio rural Galego.

Queda expresamente prohibido colocar publicidade de distribuidoras de alimentación, independentemente de que se colabore con elas.

#### **6.10. ELEMENTOS AUXILIARES E DECORATIVOS**

Queda expresamente prohibida a colocación de elementos auxiliares, paraugueiros, papeleiras ou elementos decorativos sen a validación expresa dos/as Técnicos da Rede de Comercio Rural Galego.

Someteranse a aprobación os accesorios dos aseos.

#### **6.11. TERRAZAS. MOBILIARIO E EQUIPAMENTO**

Queda expresamente prohibido o uso de mobiliario, parasoles, toldos, etc., con publicidade de marcas comerciais.


O mobiliario e equipamento que se poña nas terrazas deberá ser validado polos/as Técnicos de Comercio Rural Galego.

## 7. DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS

O desenvolvemento das obras levarase a cabo baixo a supervisión da Comisión Permanente da Rede, con independencia de que o promotor teña o seu propio técnico.


No caso de que durante o transcurso das obras se fagan cambios, o promotor comunicará as variacións que sufra o proxecto, que deberán ser informadas favorablemente. As novas unidades presentaranse cos seus prezos.

## Anexo I. Punto de información turística





1- Vidro laminar 3+3 mm. 2-  
Caixón de DM para lacar.


## Anexo II . Sinalética interior



ASEO FEMININO ASEO ADAPTADO







ASEO MASCULINO



CABINA TELEFÓNICA

## Anexo III . Sinalética exterior



Detalle  
S/E

1. Chapa pregada de aceiro cortén e 3 mm.
2. Perfil metálico 80.40.2
3. Iluminación fluorescente 21W
4. Difusor de metacrilato
5. Rótulo en chapa de aceiro cortén troquelada sobre chapa de cobre pátina
6. Traquelado

—Aos perfís e ás bisagras aplicaráselles dúas máns de esmalte metálico anticorrosivo.

